




VENTOSA E A PONTE DOS CABALOS


Adela Leiro, Mon Daporta
maio 2017



Distancia: Uns 800 m desde Parada e 1,2 km desde Laxosa, 2 km desde a igrexa de San Miguel de Gurgueiro.

Dificultade: baixa

Duración: 1 a 2 horas



Unha viaxe para achegarnos a unhas das igrexas máis interesantes do rural pontevedrés e a un recuncho do río Arnego de interese histórico e natural.

Ventosa é unha parroquia de Agolada, ao sur do concello, pola que pasa a estrada que vai de Agolada a Rodeiro. Un lugar nas abas do Farello, de certa altura, polo que o aire corre libremente.

A localidade cabeza da parroquia, asentada ao pé da estrada, é lugar de paso e centro comercial dos arredores, está formada por edificacións de boa construción e conta con amplos espazos. Nela está a igrexa, e o contido da igrexa foi o que nos levou ata alí, e non nos defraudou.

A construción románica con reformas posteriores, acolle, expostas nas paredes interiores, as fermosas labras dos frisos de dous baldaquinos e outras figuras de anxos e santos (Os baldaquinos que en tantas outras igrexas foron destruídos ou expoliados, foron neste caso reutilizados e preservados os seus elementos para seguiren a ofrecer as súas ensinanzas e conservárense como patrimonio da súa xente e motivo de goce para todos), o tombo do abade de Ventosa ricamente adornado, restos de pinturas e unha curiosa pía dobre. Aínda que na maior parte dos lugares é imposible, ou case, visitar as igrexas, poder ver esta é doado porque ao pé da porta hai unha nota cos lugares e os teléfonos de contacto, na propia localidade, aos que só hai que achegarse e identificarse para recoller a chave, e igual de doado é coñecer os pormenores do representado xa que xunto a cada grupo de figuras atópase o seu panel explicativo.



Igrexa de Ventosa



Quen bote de menos unha ración de natureza, quen queira facer algo máis que ver a igrexa, pode camiñar un anaco para achegarse a ver a **Ponte dos Cabalos** –Ponte de Gurgueiros para os de Agolada e Ponte de Parada para os de Lalín- unha estrutura medieval de dous arcos para salvar o río Arnego, ao que podemos acompañar un anaco augas abaixo polo carreiro de pescadores da beira de Lalín ata as ruínas dun muíño, ás que nos atrae o ruído que fai a auga para salvar os restos do atranco, onde podemos ver varios carballos de escaso porte, pero de longa idade e curiosa estrutura.

Se queremos ampliar a camiñada podemos seguir río arriba ata unha ínsua onde hai unhas tostas ou atrancos para muíños.



A Ponte dos Cabalos, sobre o río Arnego foi construída no ano 970. É a única que queda das 6 pontes medievais que enlazaban a comarca do Deza con Antas de Ulla. Por ela pasaba o camiño real e actualmente forma parte do percorrido do Camiño de Inverno da ruta xacobeá cara a Santiago. Tivo especial importancia nas guerras carlistas.

